

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 11.05.2017      Hora: 16:00

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de maio de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Proposicións non de lei en Comisión**

- 1.1            377 (10/PNC-000007)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre o restablecemento polo Goberno galego do Servizo de Cirurxía  
Pediátrica as 24 horas do día, os 365 días do ano, no Complexo  
Hospitalario Universitario de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016*
- 1.2            1544 (10/PNC-000155)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a dotación polo Goberno galego do Centro de Saúde de Vila de  
Cruces cun punto de atención continuada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016*
- 1.3            4005 (10/PNC-000371)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver  
os problemas existentes coas agullas facilitadas polo Sergas para a  
aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017*
- 1.4            6209 (10/PNC-000616)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación  
coa atención que se está a prestar á saúde bucodental no Sergas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
- 1.5            6398 (10/PNC-000646)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 6 máis  
Sobre a modificación pola Xunta de Galicia da denominación do Hospital

da Costa para que pase a denominarse Hospital Público da Mariña Lucense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

- 1.6 7953 – 8408 (10/PNC-000831)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e Chao Pérez, Luca  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación dos expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía paralizados polo peche da entidade que os viña tramitando  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*
- 1.7 8052 (10/PNC-000847)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión da podoloxía na carteira básica de servizos do Sistema nacional de saúde, o estudo da viabilidade da súa introdución na carteira complementaria de servizos de Galicia, así como a posible pertinencia de incorporar a categoría profesional de podólogo ou podóloga como persoal estatutario do Sergas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/05/2017 12:31:17**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.       Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.05.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 377(10/PNC-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o restablecemento polo Goberno galego do Servizo de  
Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día, os 365 días do ano,  
no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

*Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas.

Esta situación obrigaba á Xerencia á reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e das persoas profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras e en condicións que se supoñen, son de urxencia e polo tanto, nun estado de saúde moi delicado.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/10/2016 16:30  
Nº Rexistro: 377  
Data envío: 21/10/2016 14:05:17.441



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se restableza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de maneira urxente e permanente, o servizo de Cirurxía Pediátrica 24 horas ao día e os 365 días do ano.

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M. Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 13:39:14**

**Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 13:39:33**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/10/2016 13:39:39**



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 1544(10/PNC-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego do Centro de Saúde de Vila de Cruces cun punto de atención continuada

*Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2016 17:37**  
**Nº Rexistro: 1544**  
Data envío: 23/11/2016 17:37:40.470

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de dotar dun Punto de Atención Continuada ao centro de saúde de Vila de Cruces.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Os recortes a redución dos orzamentos adicados á sanidade pública galega, recortes en persoal, materiais, formación e inversións.

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular.

Un exemplo do deterioro da asistencia sanitaria é o concello de Vila de Cruces, no que se eliminou a atención de urxencias. Desde ese momento calquera urxencia ten que ser atendida no Punto de Atención Continuada (PAC) de Silleda.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2016 17:37**  
**Nº Registro: 1544**  
Data envío: 23/11/2016 17:37:40.470

Vila de Cruces ten unha poboación envellecida, con moita dispersión poboacional, ten 28 parroquias, con unha gran extensión territorial. As vías de comunicación e as indicacións para chegar aos lugares en moitos casos son máis que deficientes para @s profesionais que teñen que achegarse aos domicilios. Os tempos de percorrido para chegar de moitas parroquias ao PAC de Silleda son moi elevados, superan as recomendacións para poder dar unha boa atención sanitaria.

@s veciñ@s de Vila de Cruces, séntense discriminad@s na atención sanitaria que teñen, a respecto de concellos limítrofes como o de Arzúa e Melide ou Silleda que tendo poboación similar, teñen cada un o seu PAC.

E necesario e prioritario un Punto de Atención Continuado para Vila de Cruces, a supresión da atención de urxencias, causou un grave prexuízo @s veciñ@s deste concello, e a calidade asistencial resentíuse. Para a instalación do PAC, non é preciso nova infraestrutura, xa que O Centro de Saúde de Cruces ten instalacións axeitadas para poder ubicalo.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dotar, á maior brevidade, con Punto de Atención Continuada ao centro de saúde de Vila de Cruces.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2016 17:37**  
**Nº Rexistro: 1544**

Data envío: 23/11/2016 17:37:40.470

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2016 17:31:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2016 17:31:34**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/11/2016 17:31:41**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2016 17:31:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2016 17:31:51**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/11/2016 17:37**  
**Nº Rexistro: 1544**

Data envío: 23/11/2016 17:37:40.470

**Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2016 17:31:56**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 4005(10/PNC-000371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas existentes coas agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes

*Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2017 13:09  
Nº Rexistro: 4005  
Data envío: 24/01/2017 13:09:59.092

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de substituír de inmediato as agullas para a subministración de insulina aos doentes diabétic@s insulino dependentes.

A Federación Galega de Diabétic@s, as asociacións que a compoñen, levan formulado múltiples reclamacións, Xerencia EOXI de Compostela, Valedora do Pobo, Sergas, relativas aos graves efectos secundarios que segundo @s doentes provocan a utilización das agullas para a administración de insulina da marca INSUPEN que facilita o Sergas aos doentes.

Denuncian que centos de persoas diabéticas sufran os defectos deste material: hematomas na zona de inxección, dor, perda da insulina inxectada por mal encaixe na pluma de insulina o que supón un incorrecto cálculo da cantidade administrada, co risco de hiper ou hipoglucecias, problemas de tipo psicolóxico, sobre todo n@s neno@s, xa que algúns teñen que pincharse 3 ou 4 veces diarias e mesmo agullas que chegan a romper.

Teñen tamén denunciado que no procedemento de contratación para o subministro ao Sergas das agullas para a administración de insulina, o criterio de valoración determinante é a oferta económica, e casualmente neste aspecto sempre é



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2017 13:09**  
**Nº Rexistro: 4005**  
Data envío: 24/01/2017 13:09:59.092

a empresa Produtos Sanitarios Gallegos, PROSAGA, S.L, coa marca INSUREN a máis ventaxosa.

Estas denuncias teñen surtido o seu efecto, sobor de todo a denuncia presentada por SOS Sanidade Pública de Compostela contra o Sergas, de xeito que o Xulgado número 1 de Santiago acordou sobreseer esta causa despois de terse comprometido o Sergas a realizar un novo concurso e a mudar os criterios de selección da adxudicación do concurso para subministrar as agullas para insulina, atendendo os posibles afectos secundarios producidos polas mesmas, darlle máis peso á proba do produto por parte dos doentes, e non só o criterio económico, aceptando implicitamente as demandas da plataforma e dos e das pacientes afectadas.

O Bloque Nacionalista Galego súmase ás demandas do colectivo de doentes insulino dependentes, considera inxustificada a demora do Sergas en substituír estas agullas de baixa calidade por outras que non produzan efectos negativos sobre @s doentes que teñen que usalas, e polo tanto presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Que de xeito inmediato proceda a substituír as agullas de marca Insuren, que lle producen efectos secundarios lesivos @s doentes, e a subministrar @s doentes de diabetes, insulino dependentes agullas de calidade.

Que garanta a compra de material de calidade para @s doentes de diabetes insulino dependentes, priorizando os criterios sanitarios e a opinión d@s afectad@s,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2017 13:09**  
**Nº Rexistro: 4005**  
Data envío: 24/01/2017 13:09:59.092

na vez dos económicos.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 13:03:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 13:03:26**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 13:03:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 13:03:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 13:03:37**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2017 13:09**  
**Nº Rexistro: 4005**

Data envío: 24/01/2017 13:09:59.092

**Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 13:03:41**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.4 6209(10/PNC-000616)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención que se está a prestar á saúde bucodental no Sergas

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión, relativa ás prestacións en saúde bucodental**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2016 o Parlamento de Galicia aprobou por maioría unha iniciativa que instaba á Xunta a estudar a viabilidade de ampliar a cobertura en saúde bucodental na poboación adulta para o financiamento de limpezas e empastes das pezas dentais. Cubrindo o custe dos procesos patolóxicos da cavidade oral que agora mesmo corren a cargo das persoas que os precisan.

Case un ano despois seguimos sen ter conclusións de dito estudo.

Ademais dáse a circunstancia que outras prestacións necesarias e incremento de profesionais da odontoloxía e hixiene dental que teñen reclamado colectivos profesionais segue sen atenderse.

A día de hoxe aínda existen Unidades de Saúde Bucodental no SERGAS que carecen de profesionais hixienistas. E en reiteradas situacións se ten posto a atención sobre o descoñecemento da poboación en xeral sobre as prestación que a día de hoxe existen no SERGAS ou sobre a ausencia de cobertura en atencións básicas coma a das persoas que sofren cancrois orais.

Por todos estes feitos, En Marea realiza a seguinte Proposición non de lei:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/03/2017 18:11**  
**Nº Registro: 6209**  
Data envío: 07/03/2017 18:11:17.434



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dotar ás USB de cando menos un/unha hixienista dental. Planificar e acordar xunto aos e ás profesionais e representantes das e dos traballadores a inclusión en OPE das prazas necesarias.
- 2.- Levar a cabo unha campaña informativa sobre as prestacións de saúde bucodental públicas por unha banda dirixida ao público xeral e por outra aos profesionais sanitarios.
- 3.- Entregar ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo dun mes o informe relativo á PNL aprobada na pasada Lexislatura polo Parlamento de Galicia.
- 4.- Ampliar a cobertura ofrecida polos e polas hixienistas dentais no SERGAS ás persoas doentes diabéticas, irradiadas en cancros de cabeza e pescozo, transplantadas, con enfermidades cardiovasculares graves e outras que se determinen en circunstancias especiais.

Santiago de Compostela, 07 de marzo de 2017

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do GP de En Marea

Voceiro do G.P de En Marea



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/03/2017 18:11**  
**Nº Rexistro: 6209**  
Data envío: 07/03/2017 18:11:17.434



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 07/03/2017 17:38:27**

**Luis Villares Naveira na data 07/03/2017 17:38:34**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.5 6398(10/PNC-000646)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre a modificación pola Xunta de Galicia da denominación do Hospital da Costa para que pase a denominarse Hospital Público da Mariña Lucense

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/03/2017 12:18  
**Nº Rexistro: 6398**  
Data envío: 09/03/2017 12:18:40.079

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas Daniel Vega Pérez, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión.**

#### Exposición de Motivos:

En 2016 O Hospital da Costa, centro hospitalario de referencia para os veciños da área sanitaria do norte lucense, cumpría o seu trinta aniversario facendo realidade un dos seus obxectivos máis necesarios e agardados: o inicio das obras que darán lugar a súa ampliación e remodelación.

Sen lugar a dúbidas esta iniciativa do Goberno galego fará realidade un centro máis moderno e accesible para os pacientes e para os profesionais: con máis camas, cun novo espazo ambulatorio e cun hospital de día médico, entre outras considerables melloras, que se suman as que se foron incorporando nas dúas últimas lexislaturas, como por exemplo, a sala de oncohematoloxía ou a creación das unidades de hospitalización a domicilio.

De xeito complementario a este grande avance, o Grupo Parlamentario Popular entende que sería conveniente impulsar un cambio nome no centro para pasar a denominarse "Hospital Público da Mariña lucense" título que non só representa de forma máis axeitada a todos os veciños da súa área de influencia, senón que permite continuar coa promoción da marca *A Mariña*, que sempre defendemos como unha verdadeira cidade lineal, fonte de recursos para a provincia e gran baluarte da zona norte.

Cómpre lembrar que o ámbito de influencia do Hospital da Costa, non se limita aos concellos do litoral norte lucense (O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Ribadeo,) senón que tamén se estende aos municipios de Mondoñedo, Lourenzá, Trabada, O Valadouro, Alfoz, Oulol, que teñen a consideración de montaña, que estarían máis integrados na nova tipoloxía do centro.

A Mariña lucense cunha poboación de referencia que supera as 80.000 persoas e que se ve incrementada nun 50 % nos meses do verán e nas vacacións por ser zona turística, conta cunha superficie de mil seiscentos quilómetros cadrados e constitúe unha fonte de recursos importante para a provincia e un destino turístico para moitos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/03/2017 12:18  
Nº Rexistro: 6398  
Data envío: 09/03/2017 12:18:40.079

cidadáns atraídos polas súas suaves temperaturas, polo seu significado histórico e cultural cheo de gran simbolismo e mestizaxe cultural o longo da historia.

A Mariña lucense é ademais un gran comedor para o desfrute de todo tipo de produtos naturais tanto de sectores como o da pesca (por ser emprazamento de dous dos portos máis importantes do Cantábrico e de Europa) como de importantes alimentos procedentes da actividade agrogandeira ou recursos do ámbito forestal. A Mariña ten ademais gran importancia económica achegando máis da cuarta parte do PIB de toda a provincia.

Considerando todas estas cuestións e en xusta valoración das mesmas e do papel simbólico que ten o Hospital como o primeiro recursos de referencia para toda a zona norte lucense, este grupo parlamentario quere propoñer, un cambio de denominación, que podería facerse dun xeito paulatino, minimizando o seu impacto económico ou administrativo e polo que se recoñeza a condición deste centro hospitalario como elemento común de integración de todas as comarcas da Mariña.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión:**

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a modificar a denominación do Hospital da Costa de tal xeito que pase a levar o nome de Hospital Público da Mariña lucense.”*

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/03/2017 12:10:58**

**Daniel Vega Pérez na data 09/03/2017 12:11:16**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/03/2017 12:11:32**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/03/2017 12:11:44**

**María Ángeles García Míguez na data 09/03/2017 12:11:52**

**Marta Rodríguez Arias na data 09/03/2017 12:12:02**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/03/2017 12:18  
Nº Rexistro: 6398**  
Data envío: 09/03/2017 12:18:40.079

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/03/2017 12:12:20**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/03/2017 12:12:47**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.6 7953(10/PNC-000831)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación dos expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía paralizados polo peche da entidade que os viña tramitando

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**, relativa aos procedementos de adopcións internacionais xestionados ata o momento pola ECAI Addis Galicia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cincuenta e oito familias galegas que iniciaran trámites de adopción dende 2011 en Etiopía e Burundi a través da Entidade Colaboradora de Adopción Internacional Addis Galicia víronse afectadas pola perda de viabilidade económica desta entidade, acreditada pola Xunta de Galicia. No conxunto do Estado, a mala xestión económica da ECAI afecta a oitenta e unha familias (51 con expediente en Etiopía e 30 en Burundi, país co cal só a entidade Addis Galicia xestiona adopcións a nivel de todo o Estado).

O 1 de febreiro de 2017, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta citou ás familias pendentes de asignación de adopcións internacionais en Burundi e Etiopía a unha xuntanza na que a ECAI Addis Galicia e a Xunta comunicaron que, para continuar adiante cos trámites de adopción, as familias pendentes de asignación por parte do País – todas no mesmo punto do proceso - deberían achegar taxas extraordinarias (uns 6.700 € para as de Burundi e ata 14.000 € para as de Etiopía), aprobadas por resolución do 7 de febreiro de 2017, para garantir a viabilidade da ECAI, o cal se conseguiría, teoricamente, se vinte familias achegasen esas cantidades, cuestión



que deberían decidir en dez días. Ao non acadarse as cantidades especificadas pola ECAI, a Xunta notificou ás familias, o 22 de febreiro, o peche da entidade Addis Galicia por non cumprir co plan de viabilidade económica, o que supoñía “a imposibilidade de dita entidade de proseguir cos seus expedientes de Etiopía e Burundi”. Con todo, a ECAI continúa a funcionar. No caso de Etiopía, parte dos cartos (uns 8000 €) serían para facer un donativo aos orfanatos cos que traballa Addis Galicia, que consideraba a entrega destas cantidades imprescindible para obter unha asignación (que logo podería ser aprobada ou non polo Ministerio de Asuntos Sociais de Etiopía – MOWA), práctica contraria ao protocolo de boas prácticas na adopción internacional, pois pode perverter o espírito da adopción internacional – o ben supremo da persoa menor –.

A adopción internacional é un procedemento autorizado e supervisado pola Xunta de Galicia, como Autoridade Central, en virtude do Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, asinado en La Haya en 1993.

A Xunta de Galicia, no procedemento de adopción internacional, recomendaba ás familias realizar a tramitación dos expedientes mediante un Organismo Acreditado para a Adopción Internacional.

As cantidades teoricamente necesarias para continuar cos expedientes de adopción son importantes para as economías familiares – hai que ter en conta que as familias xa achegaran entre 10.000 e 15.000 € dende o inicio da tramitación dos expedientes de adopción -, pero ínfimas para a Xunta e Goberno de España.



Alén do sufrimento e incerteza na que se atopan as familias, que levan anos agardando por estes procesos, durante anos, a ECAI Addis Galicia non informou ás familias sobre a situación real en Burundi e Etiopía nin sobre o estado dos seus expedientes, falta de transparencia que a Xunta non debe consentir.

Todo neno e nena ten dereito a medrar nunha familia, nun clima de felicidade, amor e comprensión.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno de España a:

1. Contactar directamente co Ministerio de Familia de Burundi para coñecer mediante que vía se poden, se é posible, desbloquear os expedientes de adopción en Burundi.
2. A través da mediación pola vía diplomática buscar solucións para desbloquear os expedientes de adopción internacional en Etiopía.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

3. a.) No caso de que Burundi só admita o trámite a través de ECAI, habilitar unha vía de financiamento excepcional (por parte da Xunta de Galicia e Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade) para cubrir as partidas que falten a maiores do que as familias se comprometeran a pagar mediante o seu contrato, analizando cada caso de xeito individual.



3. b.) No caso de que Burundi admita o trámite mediante protocolo público, asumir por parte da Xunta, a xestión directa dos expedientes das familias galegas que ata o de agora estaban xestionados pola ECAI Addis Galicia.

4. Establecer un protocolo de control e vixianza sobre as ECAI que vixie que non existe enriquecemento por parte destas entidades e que garanta a periodicidade nas comunicacións entre estas entidades e as familias adoptantes.

5. Manter un servizo público de seguimento de post-adopción, a través da Consellería de Política Social, para as familias galegas con nenos e nenas de adopción internacional.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 17/04/2017 11:16:26**

**Luca Chao Pérez na data 17/04/2017 11:16:35**



**Luis Villares Naveira na data 17/04/2017 11:16:43**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/04/2017 11:35**  
**Nº Registro: 7953**  
Data envío: 17/04/2017 11:35:42.162



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** conforme ao escrito desa Mesa con número **2466** polo que se solicita a reformulación da **Proposición non de lei en Pleno**, doc. **7953 (10/PNC-000831)**, adxúntase o presente escrito coa requerida reformulación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España a:

1. Contactar directamente co Ministerio de Familia de Burundi para coñecer mediante que vía se poden, se é posible, desbloquear os expedientes de adopción en Burundi.
2. A través da mediación pola vía diplomática buscar solucións para desbloquear os expedientes de adopción internacional en Etiopía.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

3. a.) No caso de que Burundi só admita o trámite a través de ECAI, habilitar unha vía de financiamento excepcional (por parte da Xunta de Galicia e Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade) para cubrir as partidas que falten a maiores do que as familias se comprometeran a pagar mediante o seu contrato, analizando cada caso de xeito individual.



3. b.) No caso de que Burundi admita o trámite mediante protocolo público, asumir por parte da Xunta, a xestión directa dos expedientes das familias galegas que ata o de agora estaban xestionados pola ECAI Addis Galicia.
4. Establecer un protocolo de control e vixianza sobre as ECAI que vixie que non existe enriquecemento por parte destas entidades e que garanta a periodicidade nas comunicacións entre estas entidades e as familias adoptantes.
5. Manter un servizo público de seguimento de post-adopción, a través da Consellería de Política Social, para as familias galegas con nenos e nenas de adopción internacional.”

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 28/04/2017 11:04:19**

**Luca Chao Pérez na data 28/04/2017 11:04:32**

**Luis Villares Naveira na data 28/04/2017 11:04:41**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 11.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.7 8052(10/PNC-000847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa inclusión da podoloxía na carteira básica de servizos do Sistema nacional de saúde, o estudo da viabilidade da súa introdución na carteira complementaria de servizos de Galicia, así como a posible pertinencia de incorporar a categoría profesional de podólogo ou podóloga como persoal estatutario do Sergas

*Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e deputada, **Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A Orde do 4 de decembro de 1953, do Ministerio de Educación Nacional, unificou os estudos de Enfermeira, Practicante e Matrona nunha soa ensinanza que habilitou a obtención do título de Asistente Técnico Sanitario (ATS). Esta orden contempla a posibilidade de especialidades, e así o Decreto 727/1962, do 29 de marzo, recoñece o regulamenta a especialidade de Podoloxía para Practicantes e ATS. Estas competencias quedaron refrendadas posteriormente no RD 649/1988 do 24 de xuño, onde se estruturan as ensinanzas de podoloxía como estudos de primeiro ciclo universitario, e se establecen as directrices xerais dos planes de estudos para a obtención do título de Diplomado. Pasa así de ser especialidade de Enfermería a transformarse nunha titulación independente.

A capacidade diagnóstica do podólogo derívase do RD 1891/1991, no que se especifica que o funcionamento das instalacións de Raios X con fins diagnósticos poderá ser dirixido por médicos, odontólogos, veterinarios ou podólogos. Ten, ademais, recoñecida a capacidade de prescrición de tratamentos ortopédicos no RD de 542/1995 do 7 de abril, que regula os estudos de Técnico Superior en Formación Profesional en Ortoprotésica, e que no seu artigo 1.3 concreta a súa capacidade profesional como a de “deseñar órteses, próteses e ortopróteses, adaptadas ás características dos clientes e á prescrición médica e podolóxica da ortopróteses”.

A Lei 44/2003 do 21 de novembro, de ordenación das Profesións Sanitarias nomea especificamente aos Diplomados en Podoloxía ao



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

referirse ás profesións sanitarias tituladas no artigo 2.2b, e define as funcións no artigo 7.2d: *Podólogos: os Diplomados Universitarios en Podoloxía realizan actividades dirixidas ao diagnóstico e tratamento das afeccións e deformidades dos pés, mediante as técnicas terapéuticas propias da súa disciplina.*

Existen CCAA que inclúen xa os servizos de podoloxía, tanto en atención hospitalaria como en primaria, e algunhas outras traballan xa na súa inclusión en distintos formatos, e na petición da súa inclusión na carteira básica sanitaria.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno de España a que inclúa a Podoloxía na Carteira Básica do Sistema Nacional de Saúde, dotándoa dun financiamento xusto e necesario para a súa posta en marcha e desenvolvemento.
2. Estudar a viabilidade da inclusión dos servizos de Podoloxía a través da carteira complementaria de servizos en Galicia.
3. Estudar a pertinencia de incluír a categoría de podólogo/podóloga como persoal estatutario do sistema público de sanidade de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 18/04/2017 17:20:52**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/04/2017 17:26**  
**Nº Rexistro: 8052**  
Data envío: 18/04/2017 17:26:45.513



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Noela Blanco Rodríguez na data 18/04/2017 17:21:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/04/2017 17:21:07**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---